



CEP CAMPOLONGO

PONTEVEDRA

PROGRAMA DE REFORZO E
RECUPERACIÓN OU APOIO

	XUNTA DE GALICIA	COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO		Membro de  Escolas Asociadas da UNESCO
		Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 88615151 Fax: 886151518	Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura	

PROGRAMA DE REFORZO E RECUPERACIÓN OU APOIO*

***de reforzo para alumno que promociona con materias non superadas e de recuperación e apoio para alumnos repetidores**

1.- Xustificación do Programa.

Partimos de que está adicado ao alumnado que non promociona de curso ou promociona con materias suspensas. Inclúese na programación docente. Apoiámonos en:

Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación e

Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa

Con este programa temos en conta aspectos como:

- Prevención das súas dificultades.
- Mellora do seu éxito escolar a través do reforzo nas distintas áreas do currículo (áreas suspensas).
- Contribución á consecución das competencias clave, incidindo especialmente nas competencias en comunicación lingüística e competencia matemática.

2.- Destinatarios.

A actuación desenvolverase no marco da aula ordinaria. Realizarase sobre os alumnos/as que manifestaron problemas de atraso escolar e que xa foron identificados.

Esas posibles causas que motivaron a intervención serían do tipo:

- Escasa capacidade receptiva e memorística.
- Falta de interese por aprender co consecuente aburrimiento.
- Falta de clima ou ambiente de estudo na casa, o que repercute negativamente na motivación.
- Pouco sentido da responsabilidade e autoesixencia.
- Non sabe estudar; nin ten hábito.
- Non aproveita o tempo nin sabe organizarse.

- Problemas coa competencia lingüística
- Deficiencias emocionais
- Falta de habilidades sociais.
- Incumprimento das normas.
- Pouca axuda na casa e problemas familiares.
- Poucos estímulos culturais.
- Poucas actividades educativas para o tempo de lecer.
- Moitas horas sós en casa debido ao traballo dos pais.

3.- Obxectivos do Programa

Estarán vinculados a rendemento e aprendizaxe/desenvolvemento integral/motivación/estratexias/ implicación das familias...

4.- Contidos da intervención.

Deberemos atender ás necesidades educativas do alumnado destinatario do programa e traballar de forma xeral os ámbitos persoal, social, familiar e curricular. Abordar de forma prioritaria os contidos propios das áreas instrumentais para alcanzar os seus obxectivos mínimos e asegurar así o desenvolvemento das principais competencias. Deberemos partir dos obxectivos ou dos criterios de avaliación non superados o curso anterior.

5.- Organización

-Partimos da información relevante recollida de cada un dos alumnos/as que participan no programa.

-O profesorado do centro e, sobre todo, os titores/as faranse cargo do seguimento do programa.

-Pódese contar con outros mestres/as con dispoñibilidade horaria para realizar puntualmente algún reforzo dentro da aula nas áreas instrumentais.

-Tentarase na medida do posible que non estean escolarizados na mesma aula máis de dous alumnos/as sobre os que se aplica o programa.

-As actuacións que se realicen seguindo este programa han de estar integradas na programación docente.

-Contemplan reunións ordinarias do equipo de nivel, para seguimento do grao de consecución do Plan Individual e incorporación de modificacións e melloras que se consideren oportunas.

6.- Metodoloxía

Podemos suxerir estratexias que permitan:

- Pór énfase en actividades que permitan adquirir as habilidades de lectura comprensiva, expresión escrita e oral, conceptos e operacións matemáticas básicas e resolución de problemas, reforzando a expresión escrita e lectora en todas as áreas do currículo.
- Priorización de actividades que conduzan á adquisición de hábitos de traballo e estudo, incidindo no empeño de conseguir os propósitos e valorar o seu esforzo educativo.
- Realizar nas horas adicadas ás áreas instrumentais as actividades para a consolidación dos coñecementos esenciais lingüísticos e matemáticos, graduando a súa dificultade.
- Axuda do alumnado máis avantaxado aos seus compañeiros, aprendizaxe cooperativa, tutoría entre iguais, contrato didáctico, uso de tecnoloxías para a aprendizaxe e a comunicación,...

7.- Actividades.

Priorizar aquelas que fomenten a interacción e o traballo conxunto, permitan diferentes niveis de resolución e de complexidade a partir dunha proposta global e favorezan o éxito de todo o alumnado, especialmente daqueles/as que teñen máis dificultades.

imos ler xuntos “x” veces á semana con estes materiais e desta maneira

imos xestionar diariamente as tarefas e traballos con axuda da axenda

Actividades coordinadas entre todos os profesionais que interveñen e que todos actúen seguindo os mesmos criterios.

8.- Traballo coas familias

Pode falarse do:

- Establecemento de estratexias para informar á familia dos obxectivos educativos e tomar acordos para conseguilos.

- Dedicación ao neno despois da escola
- Recursos que se achegarán para a consecución dos obxectivos.
- Comunicación da familia de deficiencias e melloras observadas
- Actuacións coas que se compromete e actividades que levan a cabo para axudar ao fillo/á resolver os problemas que lle poidan xurdir.
- Actitude e o grao de implicación que teñen fronte ao proceso educativo do seu fillo/a

9.- Materiais- Recursos.

- Material de aula.
- Cadernos pequenos de traballo, axenda, xogos.
- Biblioteca, sala de informática e outros espazos do centro.
- Computador, pizarra dixital...
- Materiais específicos de apoio: Programa específico de apoio ás áreas instrumentais...
- Fichas de seguimento.

10.- Avaliación

Durante a fase de traballo diario dentro da aula levarase a cabo un seguimento personalizado de cada alumno/a para comprobar a efectividade das estratexias planificadas ou a recondución no seu caso, das mesmas.

Na avaliación do alumnado e as actuacións implementadas deben contemplar indicadores como:

- Progreso nos resultados das avaliacións con respecto á avaliación do curso anterior.
- Progreso no número de áreas con cualificación positiva.
- Autoestima e confianza en si mesmo.
- Relación do alumnado e as súas familias co centro e cos profesores.
- Integración social, relacións cos compañeiros

Departamento de Orientación

CEP CAMPOLONGO

Curso 2019/2020



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CAMPOLONGO

Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/>
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
Teléfono: 88615151 Fax: 886151518



Organización das
Nacións Unidas para
a Educación,
a Ciencia e a Cultura

Membro de



Escolas
Asociadas da
UNESCO

ANEXOS

ANEXO I

Plan Individualizado de Mellora dos Aprendizaxes

Apelidos:	Nome:
Titor/a Grupo:	
Data de nacemento:	Idade:
Domicilio:	Teléfono:

Curso no cal permanece un ano mais:

Ano académico da permanencia:

O alumno ten informe psicopedagóxico realizado anteriormente: SI NO

Profesorado de apoio: SI NO

1.-RAZÓNS QUE XUSTIFICAN A DECISIÓN:

Sínteses do historial académico: (Apoios recibidos anteriormente, áreas avaliadas negativamente hasta o momento actual)

Sínteses de dificultades do alumno/a: (información relevante sobre as dificultades nas áreas do currículo que sirvan de base para a elaboración do programa)

Adaptación ao clima de clase e a dinámica da aula: (anotar se é necesario ter en conta algún aspecto de cara a su correcta integración no novo grupo-clase)

	XUNTA DE GALICIA	COLEXIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA CAMPOLONGO		Membro de  Escolas Asociadas da UNESCO
		Rúa Xeneral Rubín nº 3 36001 PONTEVEDRA http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/ E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es Teléfono: 88615151 Fax: 886151518	Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura	

Expectativas do alumno/a con respecto ao seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe:

2.-NECESIDADES EDUCATIVAS QUE PRESENTA (Tomando como referencia as dificultades do alumno/a e vendo que se pode ofrecer dende o contexto educativo para dar resposta ás mesmas; por orde de prioridade):

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS XERAIS DO TRABALLO CÓ ALUMNO/A

(incorporar as suxerencias e observacións co titor/a que acompañou ao alumno/a durante o curso considere mais adecuadas e relevantes para o traballo individualizado durante o curso de permanencia.
¿En qué aspectos debemos prestar maior atención?)

OUTRAS OBSERVACIÓNS: engadir calquera observación que poida resultar importante coñecer e que non foi sinalada en ningún dos apartados anteriores.

SEGUIMIENTO DO PROGRAMA DE MELLORA DAS APRENDIZAXES ESCOLARES

<i>TEMPORALIZACIÓN</i>	<i>CONTIDOS TRABALLADOS</i>	<i>SEGUIMIENTO</i>